



veciñanza

nota de prensa

Veciñanza propón a creación dunha oficina municipal de información e asesoramento forestal

A moción será debatida no pleno ordinario do mes de setembro, a celebrarse este xoves 28. Veciñanza considera que o potencial forestal de Cuntis pode ser fonte de riqueza e reclámalle ao Concello que adopte iniciativas neste sentido

Cuntis, 26 de setembro de 2017. Veciñanza presentará ante o Pleno Municipal unha moción para a creación en Cuntis dunha Oficina Municipal de Información e Asesoramento forestal. A aposta polo aproveitamento do potencial forestal é unha constante nas propostas de desenvolvemento económico que caracterizan a axenda de Veciñanza. Xa no mes de febreiro organizáramos unha xornada para o aproveitamento do monte, sinalando as potencialidades e posibilidades que ofrecía un dos principais recursos cos que conta o noso territorio.

Coa aprobación desta iniciativa, Veciñanza pretende que Cuntis conte cun punto que **promova e asesore a acción das comunidades de montes** veciñais en man común, **fomente o cooperativismo e a xestión conxunta do territorio**, que realice **accións formativas** en materia forestal e que fomente a **educación ambiental** a todos os niveis.

Galicia é unha das principais potencias forestais de Europa, cunha superficie forestal de dous millóns de hectáreas (un 67,8% do total do territorio). Este recurso definido como estratéxico pola Lei de Montes de Galicia, ten unha enorme importancia en Cuntis, onde a superficie forestal acada o 72% do territorio. A pesar disto, o que debora ser unha importante fonte de ingresos e unha ferramenta primordial para a fixación de poboación é actualmente un recurso infraaproveitado. O avellentamento da poboación, o despoboamento, o incremento de parcelas abandonadas, a falta de persoal que xestione e inicie proxectos en comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC) e o acumulo de combustibles forestais que incrementan o risco de incendios forestais son algúns dos problemas que afectan ao sector.

